

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA A POSTA EN VALOR DO ANTITEATRO A CORTELLA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Coirós o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello Coirós para a posta en valor do anfiteatro A Cortella.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Concello de Coirós, no seu propósito da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes que recibe, como un importante sector de desenvolvemento nas zonas rurais, propón a execución de



actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de conservación de diferentes bens de interese patrimonial no interior do núcleo, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes ó medio onde se emprazan.

A zona deportivo-cultural-turística da Cortella, situado na parroquia de Coirós, concello de Coirós, é un lugar de referencia para a práctica do deporte, por atoparse nesta área as instalacións deportivas máis destacadas como son a piscina, o campo de fútbol, a pista de tenis e o polideportivo. Asemade conta cun anfiteatro, un espazo multicultural de ocio e turismo.

O Concello interveu nesta zona por fases, primeiro recuperando o espazo degradado e despois dotándoo de espazos deportivos e culturais, e por último con actuacións en reserva da biosfera, recuperando un vello bosque, o propio regato, a vella canteira, todo isto sobre uns terreos de propiedade municipal de máis de 36 ha ben centradas no territorio municipal e con excelentes accesos.

Na actualidade na Cortella existen diversas instalacións de uso social-deportivo que pola súa obsolescencia, e baixo criterios de aproveitamento integral, son interesantes para a súa adecuada recuperación e posta en valor, entre elas o anfiteatro. Construído en 2002, a súa configuración inicial estaba constituída por bancadas de pedra granítica e un escenario, cun pequeno lago no medio, rodeado todo isto de paseos laterais e de acceso, cunha capacidade de 1000 persoas sentadas e unha 2500 en total, debido ós seus amplos espazos colaterais. Foi construído aproveitando unha depresión do terreo, pero o seu estado semiconstruído, non operativo, fai que sexa moi necesaria a corrección do impacto de cara á súa adecuada funcionalidade e á súa debida integración en relación coa mellora do entorno paisaxístico, a través de intervencións dirixidas a corrixir as alteracións e os impactos relacionados con este equipamento, xa que actualmente supón un deterioro do carácter e da singularidade desta paisaxe.

Coa actuación que se pretende levar a cabo perséguese a adecuada integración, rehabilitación e aproveitamento deste equipamento apto para eventos turísticos, sociais, deportivos ou culturais.

Terceiro.- En concreto as actuacións que se realizarán son as seguintes:

- Obras de recheo do oco existente, antigamente un lago, inseguro e insalubre, permitindo ampliar a plataforma do escenario e mellorar notablemente a seguridade do recinto.



- Limpeza das bancadas graníticas, mediante hidrolavado a alta presión, incluída a eliminación de vexetación, selado de xuntas, reparación de asentos diferenciais e gretas de dilatación.
- Peche perimetral.
- Iluminación.
- Axardinamento do conxunto.

Cuarto.- A Axencia de Turismo de Galicia está interesada en colaborar neste proxecto, que supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas para a posta en valor e humanización dos elementos patrimoniais do concello, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Coirós unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

